

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO “CIDADE ROMPETIÑO” EN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou o 14 de maio de 2019 con PARAMETRO DIGITAL SL o instrumento convencional arriba referido por unha duración prevista para a realización do CIDADE ROMPETIÑO e os días precisos para tarefas de montaxe, previstas para o domingo 19 de maio e desmontaxe (data prevista martes 28 de maio), sen posibilidade de prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A cesión temporal a título gratuito de espazos prevista na cláusula terceira (vinculada ao calendario de actividades previsto en ANEXO I), para a celebración do CIDADE ROMPETIÑO o 25 de maio de 2019, entre as 10:00h e as 20:00h.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social *“a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”*.



Para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus Estatutos, a FUNDACIÓN pode realizar (entre outras) as seguintes actividades:

- a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*
- c) As tendentes a propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais, con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.*

Así pois, en virtude do mandamento estatutario, a FUNDACIÓN promove a realización todo tipo de actividades de carácter cultural e de lecer, como mostra de integración da cultura internacional con actividades de espaxemento e eventos sociais, e procura a consecución dos seguintes obxectivos;

- Ofertarlle á cidadanía unha actividade e programación de calidade, acorde coa magnitude do contedor arquitectónico.
- Constituírse como o espazo natural de desenvolvemento, proxección e fomento da innovación do sistema cultural galego.

A Cidade da Cultura preséntase como un dos maiores espazos de Galicia dedicados á oferta cultural e de entretemento. Os eventos e actividades realizados no Gaiás contribúen o desenvolvemento e enriquecemento do seu público, e proporcionan valor engadido ó tecido cultural galego.



Pola súa banda, PARAMETRO DIGITAL SL é unha empresa dedicada á organización de espectáculos ao aire libre. Así mesmo, é a organizadora do ROMPETIÑO, un evento musical, deportivo e cultural, que ten como obxectivo achegar a cultura urbana ao público máis xove para ofrecer alternativas de ocio nas que a música e o deporte estean vencelladas. Ademais PARAMETRO DIGITAL SL ten solicitado o rexistro da marca ROMPETIÑO con número de solicitude M4018287.

O obxectivo de aforo ascende ás 15.000 persoas, ademais do impacto en redes sociais, publicidade tradicional, internet, radio e televisión. Polo anterior, a FUNDACIÓN considera que a celebración do ROMPETIÑO na Cidade da Cultura de Galicia pode contribuír ao desenvolvemento e enriquecemento do tecido cultural galego e a promoción de novas iniciativas que aposten polo emprendemento no sector cultural da nosa comunidade, dando resposta a un alto interese de xente nova que vincula o seu lecer a actividades deportivas —como parkour ou skate— e estreitamente ligadas á música de estilos hip-hop ou hall-dance. Precisamente, este evento acollerá a final do primeiro ‘Campionato oficial de España de Scooter Freestyle’, co que os e as participantes se clasifican para a proba mundial, prevista para o mes de xullo en Barcelona.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o



recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

(asinado dixitalmente)

